

R. 0475

PORTOMARÍN*Anuncio*

Por medio do presente faise público a Resolución da Alcaldía de data 16-02-2024 que di:

Vista a miña ausencia do termo municipal entre os días 05 de abril e 04 de maio do ano en curso, ambos inclusive, e para non prexudicar o normal funcionamento da vida municipal, de conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, e no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no art. 63 da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar, no Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Portomarin, D. Javier Rodríguez Vázquez, a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 20 de febreiro e 20 de marzo do ano en curso, ambos inclusive.

SEGUNDO: O presente Decreto surtirá efectos a partires do día seguinte ó desta data sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde.

O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Portomarin, 16 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0476

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Logo de aprobar definitivamente por resolución de Alcaldía núm. 2024-0030 de data 02/02/2024, o Plan Municipal de prevención de incendios (Modificación de núcleos e inclusión de illadas), publícase o mesmo para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto completo atópase na sede electrónica <https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/>

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Ribas de Sil, 16 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0477

SOBER*Anuncio*

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUNHA PERSOA PARA O SERVIZO DE AUXILIAR DE VITICULTURA, 6 MESES, 50% DE XORNADA, COA TITULACIÓN ACADÉMICA DE ESTUDOS PRIMARIOS, TÍTULO DE GRADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO). CONTRATACION ANTICIPADA.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de Alcaldía de data de 15/02/2024, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección dun-ha traballador-a laboral temporal de duración determinada por circunstancias